

lice Aturuxo 2006

- Manuel Lugrís Freire Letras Galegas 2006
 - ¿Por que se lle dedica o 2006 a Manuel Lugrís Freire?
 - Guión radiofónico sobre a súa figura
 - Poemas de Manuel Lugrís
 - Discursos de Manuel Lugrís
- Traballos de investigación do alumnado
 - Toponimia da Costa de Morte en *Queixumes dos pinos*
 - Economía da bisbarra
 - Parroquias de Vimianzo
 - Viaxe a Lugo
 - Representación de *O enfermo imaxinario*
 - Especial Día dos Namorados
 - Personaxes míticos galegos
 - Clonación, feminismo, psicoloxía... ¿en que consisten?
 - Alina fálanos da relixión ortodoxa
- Charlas literarias
 - Entrevista a Anxo Brea
 - Entrevista a Carlos Negro
 - Entrevista a Xelucho Abella Chouciño
- Recanto literario...e algo máis
 - Cruzamento de destinos*
 - O conto marabilloso*
 - Beltaine*
 - Legend of Lamastredo*
- Concursos
 - Concurso de fotografía matemática
 - Concurso de relato curto
- Fotografías misteriosas
- Xogos matemáticos
- Biblioteca
- Orientación
 - Aprende a estudar
 - Sáidas profesionais aos Ciclos

LE DEDICA O 2006 A MANUEL LUGRÍS FREIRE?



Despois de varios anos con dedicacións a xente moi próxima cronoloxicamente a nós (Lorenzo Varela, Xoaquín Lorenzo, Avilés de Taramancos, os tres últimos, morreron todos despois de Franco...) cumpría, para o centenario da Real Academia Galega, precisamente neste 2006, un histórico da cultura galega a quen dedicarlle o Día das Letras.

Así, a Real Academia Galega ollando no “fondo de armario” da cultura galega, botou man do propio arquivo e dedícalle o Día a alguén da “casa”, a un histórico da Real Academia Galega, un presidente, por exemplo, como Manuel Lugrís Freire.

UN POUCO DA VIDA E OBRA DE MANUEL LUGRÍS FREIRE

OS PRIMEIROS ANOS

Naceu en Sada o 12 de febreiro de 1863, o ano en que Rosalía publicaba “Cantares Gallegos”. Era de familia señorita, pero tiveron problemas económicos e houbo de traballar como escribán no concello de Oleiros, preto da súa casa, desde a que ía a pé a traballar. Isto, seica lle permitiu un contacto coa natureza, os bosques, os ventos, etc. que o ían sensibilizar especialmente. Seu irmán maior, Plácido, marchou a Cuba. Alá, e á emigración en xeral, marchaba todo o mundo. Os pobres ían en terceira fuxindo da fame da Terra; os menos pobres ían en segunda tratando de encontrar alá a posibilidade de progreso que aquí non vían. O caso é que marchaba todo o mundo. Unha especie tamén, de rito iniciático. Os mozos que de alá voltaban

á zafra- contaban nas tabernas das aldeas cousas da
eres... que turraban polos outros que escoitaban
aire, con vinte anos, colleu o vapor.

CUBA

A Habana era a cidade máis grande de Galicia. Vivían alá máis galegos que na Coruña ou en Vigo. Moitos ían e viñan como emigrantes temporais para as campañas da corta da caña –por iso na costa, onde máis emigración houbo a Cuba, lle chaman “caña” á augardente-, e outros establecíanse tempadas máis longas, pero sempre coa idea de voltar. LUGRÍS, botou alá trece anos (1883-1896). En canto chegou comezou a traballar de contable –tenedor de libros no vocabulario do tempo- e a meterse nas movidas galegas. Ao ano seguinte de chegar xa estaba na directiva do Centro Galego. Lembremos ademais, que en Cuba ondeou por primeira vez a bandeira actual (seica unha lembranza dos emigrantes á última bandeira que vían, a da autoridade portuaria de Coruña), que en Cuba se estreou o Himno Galego ou que de alí viñeron os cartos para montar a Real Academia Galega. Ademais podíamos recordar tamén que por aquela emigración caribeña pasaron Curros Enríquez, Ramón Cabanillas ou Basilio Alvarez.

Do seu traballo en Cuba podemos destacar varias cousas:




* A fundación do xornal *A gaita gallega* xornal mensual, íntegramente en galego, o primeiro de América, en pleno Rexurdimento. Durou de 1885 a 1889. LUGRÍS colaborou nos seis primeiros números, sendo co-director, e sobre todo no extra dedicado á morte de Rosalía.

* A escrita e representación de **A costureira da aldea** (1885) unha obriña de teatro para os emigrantes sobre tema popular, aínda inédita.

* A publicación en seis entregas dunha noveliña **De Galicia a Lavapiés** para defensa do ser galego fronte a un ataque doutra noveliña de título contrario “De Lavapiés a Galicia”. Foi recollida hai pouco nunha publicación do Ramón Piñeiro por

especialista, sen dúbida, en LUGRÍS, no seu libro **Axel LUGRÍS Freire** (2000).



* A publicación do poemario **Soidades** (1894) prologado por Curros Enríquez. Poemas de amor e de imitación dos clásicos do Rexurdimento, seica sen reeditar nunca.


VOLTA A GALICIA

No ano 1896 volta á Terra casado cunha cubana -Concepción Orta- e establécese na Coruña. Entra axiña en contacto coa “Cova Céltica” -reunión de prohombres do Rexurdimento: Murguía, Pondal, Carré Aldao, Martínez Salazar, etc.- e participa con eles das aventuras xornalísticas, culturais e políticas do momento.

Formou parte desde a súa fundación en 1897 do grupo rexionalista Liga Gallega -da que foi incluso presidente no ocaso da mesma-. Con eles participou en varias homenaxes aos “Martires de Carral” e mesmo falou na inauguración do monumento. Pero este vello rexionalismo foi a pique polos problemas entre os de Coruña -liberais, progresistas, etc.- e os de Santiago -con Alfredo Brañas á cabeza- conservadores, carlistoides, etc. e porque a “perda” de Cuba supuxo unha forte alza do nacionalismo español que varreu os intentos autonomistas. Despois, alá por 1907, participa na fundación de Solidaridad Gallega, un grupo que se move entre o rexeneracionismo, agrarismo e rexionalismo. Querían unha nova forma de facer política que eliminase o sistema caciquil da restauración. Tiveron éxitos electorais importantes ao principio, el era moi mitineiro, bo orador e foi a persoa que primeiro falou en galego de política ante o público. Foi en Betanzos, o 6 de outubro de 1907, nun mitin ante seis mil labregos. ¿Como farían sen megafonía? Un par de anos máis tarde todo se volveu parar e ata as Irmandades (1916) andaron todos os rexionalistas e galeguistas dispersos.

A AVENTURA TEATRAL

Outra das ideas saídas da “Cova céltica” era a necesidade de usar un vehículo de comunicación masiva co público de forma estable. En 1903 funda, xunto con Galo Salinas, a Escola Rexional de Declamación coa intención de representar obras e facer recitais. A compañía só representou catro. Tres foron de LUGRÍS: **A ponte**, **Minia** e **Mareiras** entre os anos 1903 e 1904.



Despois seica pelexaron pola estratexia teatral. Lugría quería obra militante, de abrir os ollos e Galo quería máis teatro e menos mensaxe. Ou isto é o que parece deducirse da pouca información que hai sobre o tema.

Despois haberá que esperar a que as Irmandades da Fala organicen a Escola Dramática Galega.

UN COLABORADOR HABITUAL DA PRENSA

Dixemos xa que en Cuba montou *A gaita gallega* en 1885. Sempre foi home moi próximo á prensa. Ata chegou a ser fundador e directivo da Asociación da prensa de Coruña –que o ano pasado cumpriu o seu centenario.

Desde 1907 aparece colaborando no xornal *A Nosa Terra*. Primeiro cando era órgano de Solidaridad Gallega, xa desde o primeiro número. Foi un dos seus redactores. Logo, na segunda fundación, cando era órgano das Irmandades da Fala, e despois, na terceira xeira, como órgano do Partido Galeguista. As súas colaboracións son contos e transcripcións dos seus mítíns –como o de Betanzos- e das súas conferencias políticas e culturais. Na facsímil hai un índice útil para localizar axiña os seus textos. Compre buscar polo nome e polo pseudónimo “Asieumedre”.

UNHA POESÍA FILLA DA ÉPOCA.

Ao pouco de volver de Cuba, contra finais de século, mórrelle a súa muller cubana da que lle queda unha filla, Socorro. A ela lle dedica un libro **Noitebras**, 1901, no que desafoga todo o seu pesimismo. Seica estivo pensando en suicidarse. Se un ve as poesías primeiras de Cuba, tamén, cando se encontraba só alá, tiña cismado xa na mesma idea. Non houbo problema, chegou aos 74 anos e aos dous de enviuar casou de novo con Concepción González Varela, unha culta pianista irmá de Urbano González, artista, pintor, escritor, etc. que mesmo gañara un premio naqueles Xogos Florais de Tui de 1892 nos que Murguía utilizou, por primeira vez nun discurso público da época contemporánea, o idioma galego. Coa segunda esposa tivo, entre 1903 e 1909 cinco fillos máis: Manuel, Secundino e Pilar (xemeos) Urbano –o pintor- e Purificación.


O seu mellor libro –**Ardencias**- foi publicado en 1927 –xa tiña cincuenta e pico anos- no que recolle poesías anteriores nas tres liñas do Rexurdimento, outras de

s breves, un de tema mitolóxico (Lenda de Brigo), a antiga Sada de fondo (Mareiras) e o Discurso de conmemoración do cuarto centenario de Camoes.

Inda despois, en 1928, publicou **As mariñas de Sada**, unha homenaxe poética á súa vila natal, onde era moi querido e onde os veciños lle fixeron varias homenaxes, declarárono “Fillo predilecto” e colocaron unha placa na súa casa natal en 1930.

NARRATIVA: OS CONTOS DE ASIEUMEDRE.

En paralelo ao seu gusto polo teatro, cultivou con moito éxito popular a narración nos contos que publicaba en *A Nosa Terra*, baixo o título colectivo de **A Carón do Lar**, e asinados cun dos seus pseudónimos “Asieumedre”. (Os outros foron “Roque das Mariñas –en Cuba- K. ñoto, e L.U. Gris, que pouco tapaba).



Destes contos hai 17 recollidos no volume 16 da colección “O moucho”, publicada pola editorial Castrelos, que saíu en 1970.

No seu momento, tamén xuntou el os contos dispersos e sacou **Contos de Asieumedre** no ano 1908 e 1909 –onde inclúe el 28 contos. Trátase dunha narrativa fundamente popular, un galego vivo e axil, co que se identificaban os lectores e cunhas temáticas entre costumistas, sociais, humorísticas, etc. Contos de avogados, cegos, maldicións, identidades, etc. Moitos deles son moi simpáticas parábolas sociais.

A FUNDACIÓN DA REAL ACADEMIA GALEGA.

Desde os inicios do Rexurdimento sempre se lle andou dando voltas á constitución dun Ateneo, Academia ou algo parecido que xuntase aos intelectuais da Terra para as cuestións de cultura. Seguindo un artigo de Murguía de 1905, os galegos da Habana –sobre todo Fontenla Leal e Curros Enríquez- movéronse, recadaron cartos, permisos, etc. e puxeron a Murguía a traballar. Despois de reunións iniciais en 1905, ten lugar a constitución formal en setembro de 1906. Manuel Lugo Freire encontrábase entre os corenta académicos de número desde a súa fundación. A súa participación coa Academia será bastante importante: Presidente entre 1934-35, representante da RAG na elaboración do proxecto de Estatuto de Galicia de 1932

licia, que andando o tempo, sería máis ou menos, o
la guerra. Dos seus tempos na Academia cómpre
ha **Gramática** do noso idioma. Foi un traballo útil e
ben acollido, pois despois da primeira edición de 1922, sacou outra en 1931. Nela
aposta pola ortografía simplificada (grafía X para a fricativa palatal, etc.),
potenciación do infinitivo conxugado, posta en valor da toponimia tradicional...

UNHA FIN DESACOUGADA

Os últimos anos da súa vida foron terribles. Primeiro a esperanza na
República -seica colocou a bandeira no Concello da Coruña, xunto cun amigo
zapateiro, a noite do día 11 de abril de 1931- a esperanza nun galeguismo que collía
forza, nun Estatuto que estaba a chegar e polo que el andou dando mitíns con
Castelao e outros e despois o desastre da guerra. Pero para el peor. Tivo que ver de
vello como moitos dos seus amigos novos eran asasinados, tiñan que escapar ou
calar... e tivo que ver como dous dos seus fillos eran chamados a combater -e outra
cousa non se podía facer- das dúas partes. O fillo Secundino que estudiaba farmacia
en Madrid, como farmacéutico do Quinto Rexemento e Urbano como soldado da
parte franquista. Tivo que ver como estoupaba a II Guerra Mundial e como as forzas
fascistas avanzaban imparables. Desde o trinta e seis, agardou pola morte, case sen
saír da casa, ata que o 15 de febreiro de 1940 deixou este mundo.

Boa persoa, grande amante da lingua, constante promotor do seu uso -a
Irmandade da Fala da Coruña nomeouno "Mestre da Fala"-, comprometido, activo,
decidido.



Homes dos que
cómpren para facer
país!!.

CON MANUEL LUGRÍS FREIRE

programa!

-Aquí estamos como en tódalas tardes en òSalsa Galega

-Hoxe temos connosco a un invitado moi especial, pero, coma sempre déixovos coa intriga e paso a presentarvos ós ocupantes desta mesa que se me outorga, os meus compañeiros: ¡Ana García!, ¡Bastián de la Sierra!, ¡Julia Castro! e por último... ¡Cristina Ameijeiras! ¡Benvidos a todos, amigos!

-E o noso convidado especial é nada máis e nada menos que... ¡Don Manuel Lugrís Freire! O elixido este ano como autor das Letras Galegas.

- *Ola Lugrís, moi boas tardes.*
- Ola Rodrigo, estou encantado de estar aquí convosco.
- *Ben, imos coa entrevista, ¿quen quere comezar?, ti, Bastián, moi ben.*
- *Don Manuel ¿En qué lugar e ano naceu vostede?*
- Nacín en Sada, no 1863 e con vinte anos xa tiven que emigrar a Cuba.
- *Si, Ana...*
- *Lugrís ¿Obtivo vostede algo importante alá en Cuba?*
- Si, por suposto. Fun elixido na Habana como membro da Xunta Directiva do Centro Galego e fundei e reeditei o primeiro xornal americano totalmente en galego. Tamén publiquei o meu primeiro poemario e escribín a miña primeira obra dramática, coa axuda de Curros Enríquez, titulada òA costureira da aldea
- *Cristina, por favor...*
- *¿Qué fixo vostede na súa volta a Galiza?*
- Instaleime na Coruña e proseguín o cultivo da literatura editando en 1901 òNoitebrasó. Toemi parte en todas as actividades galeguistas da cultura e fun o primeiro presidente da Escola Rexional de Declamación.
- *E por último, Julia...*
- *Si, Don Manuel, vostede ingresou no Seminario de Estudos Galegos,¿ e por qué tivo algún problema cos estudos?*
- Non, máis ben todo o contrario, de feito pasados os anos a Real Academia nomeoume presidente, posto ó que tiven que renunciar por problemas de saúde.

-Bueno, isto é todo amigos. Moitas gracias, Don Manuel. E a vós ata mañá, cando volveremos en òSalsa Galega ¡Ata mañá!

Guión radiofónico inspirado pola figura de Manuel Lugrís Freire e elaborado polos alumnos de 1º ESO A

CANTIGA DOS AMIGOS DA FALA

*Na fala gallega vive
A ialma da nosa terra;
A redención de Galicia
Nos seus acentos latexa.*

*Pobo que o seu verbo esquece
É traidor á natureza;
Como irmáns todos falemos
A nobre fala gallega.*

*Amigos da Fala somos
Y-o amor de Galicia sea,
Xa que de todos é nai,
Quen nos xunte e nos protexa*

FRAGACHÁN

*Altivo e forte castro
da terra mariñán,
onde de Lartovedo
dormido o corpo está;
que fala pol-a noite
n-un enxebre falar,
que soilo os bós e nobres
de cote entenderán...
Queixume vagoroso
do apreixado pinal...
¡eu ben sei o que din os teus
queixumes,
castro da Fragachán!*

*Cando a casta dos celtas,
os netos d'Armentar,
a tua voz escoiten
no dormido serán;
e vendo a terra escrava
deixen o milleiral
e no cume do castro
se vexa escintilar
a fouce vingadora
xa cansa de segar...
¡teus queixumes serán ben
entendidos,
castro da Fragachán!*

MOCEDADE

*¡Qué estou vello!... ¡Mentira!
Aínda baril eu son;
Con vigorosos pulos
Bate o meu corazón.
¡Qué estou vello!... Quixeran
Moitos mozos sentir
As arelas de groria
Que se gardan en min.*

*Amo a xusticia e quero
Canto é digno de amor;
A Terra en que fun nado,
Seu verbo enmeigador.
Amo a quen sofre e chora,
E detesto ao tirán;
¡Aínda teño por musa
A santa Libertá!
¡Aínda teño ilusión,
Aínda son mozo, aínda
Soña o meu corazón!*

*Cando chegue ese día
Que con ansia agardei,
En que os fillos da Celtia
Pretendan libres ser;
Cando eu ciña a coraza
E o ferro vingador
Na miña man lostregue
Labrando a redenzón;
Cando na loita fera
Caía no duro chan
Envolto na bandeira
Dos fillos d'Armental...
Os que á meu rente pasen,
Certo, han de dicir
Que o loitador xa morto
Fora un home baril...*

.....
*Cando o tempo é pasado
Os mozos vellos son.
¡Eternamente é mozo
Quen vive na ilusión!*

O que eu podo dicirvos, en verdade, é que non fun in me sentín endexamais con pulos de apóstolo. Sinxelamente, nos primeiros anos da miña mocidade, ergueuse na miña alma a convición de que era fillo dunha terra asoballada, e que, liberándoa, acadaría a alta categoría de home libre e digno. Traballei, pois, para me redimir, para ter a fe nos altos destinos da Terra; traballei no meu favor, e nada cumpre que me agradezades por tal traballo...

Nos tempos de agora, entre certos sectores da opinión, ten grande predicamento o cosmopolitismo. Eu, home das esquerdas, tamén son cosmopolita, mais soamete no senso xurídico; quero dicir, que a xustiza, a liberdade de todos os homes, o respecto a todos os lexítimos dereitos, o recoñecemento da dignidade humana, non deber ter fronteiras nin límites. Máis fixédevos ben, todo isto non ten efectividade se non se recoñece o home dentro da realidade, distribución e accidentes que no mundo o arrodea....

A denominación étnica de Galicia persistiu a través de todos os tempos da historia. As noticias máis antigas, as cartas máis vellas da xeografía, da sempre ás terras nosas a denominación de Galicia. Podemos dicir, sen medo a trabucarnos, que ningunha nacionalidade europea, tivo máis inalterablemente o seu nome étnico, e ben sabido é que tal denominación ten unha relación grande coa diferenciación das xentes que ocupan o territorio.

Castela, Andalucía, Valencia, a mesma Francia e Inglaterra, son denominacións novas. Portugal non se chamou así ata os tempos da reconquista, en que tomou o nome do Porto, segundo os historiadores lusitanos.

A lingua de Galicia, a que acadou máis axiña cultura literaria entre os idiomas hispánicos, ten características propias, vernáculos, que fan dela un instrumento orixinal. Á parte do seu réxime e construción, das particularidades da súa morfoloxía e do numero de sons que rexistra a súa fonética, a música, o òmodus dicendi e de tal natureza que rompe a semellanza con todas as demais, incluso co portugués. Cando eu fixen a miña gramática, na fonética portuguesa non achei nada, ou case nada de aproveitable. A vocalización do galego, agás da súa variedade, é clara e precisa, namentres que a do portugués é escura e indeterminada, de tal xeito que aínda os acostumados a ouvílo, deixamos de entender algunhas verbas, que graficamente teñen a mesma representación nos dous idiomas. As semellanzas que teñen entre si, non son dabondo para dicirmos que sexan a mesma lingua....

Seis séculos de tiranía, de persecución, de abafamento, de algraxe e ignominia, en que todo nos foi negado, en que a nosa fala era considerada como verbo de parias, en que todo se escribía en castelán, traballando para tan triste fin moitos dos seus fillos ¡Galicia vive, Galicia é inmortal! A nosa música, a nosa fala viven con máis pureza e máis agasallada polas xentes, que nos tempos dos Reis Católicos. Galicia vive, porque ten todas as condicións que a etnografía recoñece pra que un pobo poida formar corpo de nación, para que teña dereito a arredarse do estado que só merece o nome de òadministración, mais nunca o de nación. Que así non pode nomearse unha xuntanza híbrida en que viven acorando pobos dignos de mellor sorte....

ia da Costa da Morte en “Queixumes dos Pinos”

Traballo realizado por Tamara Amarelle, Mayra Castro, Silvia Trillo, Patricia Varela, Adriana Mouzo e Mónica Pérez (1º BACH)

Desde mediados do século XIX, a nosa lingua, na que na Idade Media escribían mesmo os reis, volve a ser utilizada na escritura polos mellores autores de Galicia. Foron os máis significativos Rosalía de Castro, Manuel Curros e Eduardo Pondal.

Pondal, o autor da letra que adoptou o noso himno, cavilaba nas glorias e grandezas da Galicia do pasado, e determinou darnos memoria delas para que os galegos do futuro nos servisen de espello. No seu libro de versos “Queixumes dos pinos” puxo a falar aos piñeiros de temas tan vitais que nos afectan aos galegos de calquera tempo. Estas árbores falábanlle ao poeta – e fálannos a nós- da nosa historia e do noso porvir, de liberdade e de esperanza, dos pobos e persoas que son veciños nosos e do respecto e intención que gardan para o noso país e as nosas cousas.

Para isto, recorre á humanización da paisaxe galega, particularmente da Terra de Bergantiños, da que obtén un alto rendemento poético e significativo; moitos dos seus personaxes son designados polos topónimos da nosa comarca. Recalcando neste feito que é para nós coñecido, podemos poceder a unha análise da toponimia usada polo autor no seu libro.



Eduardo Pondal (1835-1917)

*De Traba ao Villano
esténdense informe,
cal negra serpente,
cal caimán enorme,
a costa de ferro,
a costa de bronce,
manchada d'areas,
quæa trozos a cobren,
semella unha besta,
unha besta enorme,
plagada de tiña,
de lepra deforme.
O fero Britano,
cruzando do norte,
de medo tembrando,
escrama de longe:
õ ¡A costa do pranto,
a costa dea morte!õ*

Eduardo Pondal

*As libres gaivotas,
que da altura volven
e nas altas cimas
d'altos fachos dormen.,
voando, voando
nas alas do norte,
candøesta sublime,
fatal reconocen,
en longa ringleira
seu camiño torcen,
que tanta esquivexa,
as repele e tolle;
e voando, voando,
søapartan ao longe
e parez que digan
co seu canto forte:
õ ¡Fujamos, fujamos,
a costa da morte!"*

Pondal nesta poema escrito a finais do século XIX, limita A Costa da Morte é a franxa costeira que se estende desde Traba de Laxe ata o cabo Vilán, comparándoa cunha *besta enorme*, capaz de lle impor medo ata o *fero Britanio* e da que foxen as *libres gaivotas*.

Como queda aquí reflectido, por estes anos xa existía o topónimo Costa da Morte, ao que o bardo lle dá unha intensa carga negativa, posiblemente sería a que tivo nun principio como consecuencia dos numerosos naufraxios que por estas datas tiñan lugar neste perigoso litoral.

O historiador e crítico literario inglés Aubrey F.G Bell, que percorreu a xeografía galega a comezos dos anos vinte, recolle no seu diario que A Costa da Morte, é o nome que se lle dá á costa galega desde Vigo ata Malpica.

O novelista sevillano, José Más, mo ano 1928, publicou a novela “La Costa de la Muerte”. ambientada na vila de Malpica, na que manifesta que os mariñeiros denominan con este nome a zona litoral que se estende desde A Coruña a Corrubedo. Este mesmo novelista, nunha entrevista co motivo da presentación do libro, manifesta que o topónimo que lle dá título puido ser creado pola prensa coruñesa debido aos numerosos naufraxios producidos nesta zona.

Polo que levamos dito, podemos concluír que A Costa da Morte, ten a súa orixe ns cuantiosas catástrofes mariñás que a finais do século XIX, se produciron nesta perigosa franxa litoral, salientando entre todas elas, a do acoirazado inglés *The Serpet*, ocorrida en novembro de 1890, que ocasionou 172 vítimas.

cia do topónimo, hai algún autor que o relaciona coas a posta do sol e á existencia dun Más Alá, situado no que se identifica coa eterna xuventude. Por este motivo se explicaría a intención dos humanos de achegarse ás terras máis occidentais da península Ibérica, seguindo o camiño de estrelas, que configura a Vía Láctea, que máis tarde daría orixe ás peregrinacións cara ao occidente, potenciadas polo descubrimento do *sepulcro* do Apóstolo Santiago a comezos do século IX.

A partir do ano 1970, trala publicación dos libros do corcubionés Francisco de Ramón y Ballesteros e do profesor camellán José Baña Heim, nos que se recollen os naufraxios, as lendas e a vida mariñeira das xentes desta parte do litoral, o topónimo Costa da Morte recobrará unha notable difusión.

A creación da asociación supracomarcal *Neria*, no ano 1992, contribuíu á promoción turística desta rexión xeográfica. A publicación de libro, folletos e guías turísticas, coa intención de divulgar os valores naturais, históricos, culturais e gastronómicos da zona; a organización de encontros, simposios e xornadas para dar a coñecer estes valores; así coma a asistencia a feiras de promoción turística, fixeron da Costa da Morte, un dos lugares máis coñecidos e atractivos de Galicia.

Neste sentido tamén é de salientar a promoción que supuxo a *Mostra do Encaixe*, que cada Semana Santa organiza o concello de Camariñas; ou a *Mostra en Vivo* de artesanía que a Deputación Provincial expón no castelo de Vimianzo.

Un topónimo de connotacións tan lúgubres como é o da Costa da Morte, non podía carecer da súa lenda negra. Durante moitos anos circulou entre os habitantes da zona a lenda que trataba de explicar as numerosas catástrofes ocasionada nesta costa. Segundo esta, os naufraxios eran provocados por desalmados piratas, que coa intención de embarrancar os barcos que navegaban preto da costa, ataban farois aos cornos das vacas, que ao camiñar arrentes do mar, semellaban luces de barcos, que navegaban máis achegados ao litoral, ocasionando as catástrofes. De inmediato estes desapiedados raqueiros, asaltaban o barco para apoderarse do botín. Polo tanto, o que era consecuencia da perigosidade dunha costa rochosa, sen sinalizar, con abondoso tráfico marítimo, intentouse xustificar a través da invención desta lenda negra, que algúns escritores e medios de comunicación poucos reflexivos axudaron a espallar. Sen embargo, tanto Ballesteros coma Baña Heim, deixaron claro que isto era pura invención e que non había o máis mínimo fundamento que lle dera creto a semellante falacia.

En “Queixumes dos Pinos” podemos atopar numerosos topónimos, na súa gran maioría referidos a nosa zona, e que pasamos a referir a continuación.

Costa da Morte

Neste apartado destacaremos aqueles lugares pertencentes aos concellos que integran a Costa da Morte (Malpica, Ponteceso, Cabana, Laxe, Camariñas, Vimianzo, Muxía, Cee, Fisterra, Corcubiión, Dumbria e Zas).

✿ Agar

Aldea da parroquia de Coucieiro (Muxía)

✿ Anllóns


Parroquia do concello de Ponteceso, regada polo río do mesmo nome.

✿ Arca d'Ogas

A Arca d'Ogas é un antigo dolmen situado entre o monte de Ogas e a Gándara, na parroquia de Cambeda (Vimianzo), do que agora xa non quedan moitos restos. As pedras estaban para que pasase a xente xa que había un pequeno río e iso ía dar a Corcubiión.

✿ Arca da Piosa

A Arca da Piosa é un dos dólmenes de Galicia que máis impresionou. Está situado na Costa da Morte, concretamente no concello de Zas. Seguramente foi o seu imponente aspecto o que levou a Eduardo Pondal a situar a tumba do seu heroico guerreiro celta Bandomil neste monumento. Está datado entre o IV e o III milenio a.C.



- 1- Malpica
- 2- Ponteceso
- 3- Cabana
- 4- Laxe
- 5- Camariñas
- 6- Vimianzo
- 7- Muxía
- 8- Cee
- 9- Fisterra
- 10- Corcubiión
- 11- Dumbria
- 12- Zas

✿ Baltar

- Con este nome localizamos dúas aldeas: unha situada na parroquia de Artes (Carballo), e outra na parroquia de Vilastosé (Muxía).

✿ Baneira

- Con este nome temos dous casais no concello de Cabana, un na parroquia de Corcoesto e outro na de Silvarredonda.

✿ Barizo

Ensenada e punta situadas na aldea e parroquia do mesmo nome, pertencentes ao concello de Malpica de Bergantiños.

✿ Barra

Punta situada entre a praia de Nemiña e a punta Petón Bermello na parroquia de Lires (Cee).

✿ Baiabosa

Pequeno río que pasa pola comarca de Cabana de Bergantiños

no ángulo NO da provincia da Coruña e presenta case
seus lados se abren a senllas fachadas marítimas. Abrangue
unha extensión de 735 km² sobardando toda a conca do río Anllóns. Administrativamente
comprende os concellos de Caracha, Carballo, Coristanco, Malpica, Ponteceso, Laxe e Cabana.

🌀 Borneiro

Parroquia do concello de Cabana atravesada polo
dos Muíños.



arroyo

🌀 Bandomil

Aldea da parroquia do mesmo nome (Zas).

🌀 Brandoñas

Fregresía anexa da parroquia de San Pedro de Bandomil (Zas). Regan o ser termo o río
Xallas e o regato da Pioza.

🌀 Brántuas

Parroquia do concello de Ponteceso.

🌀 Bribes

Aldea da parroquia e concello de Vimianzo.

🌀 Buxán

- Con este nome localizamos dúas aldeas: unha da parroquia e concello de
Dumbria e outra da parroquia de Seavia (Coristanco).

🌀 Cabo Ougal

Punta dende a cal, en Vimianzo, se ven os penedos de Traba e de Pasarela, así como o
faro de Corme e a Virxe do Carme, en palabras de Otero Pedrayo.

🌀 Camelle

Lugar da parroquia do mesmo nome (Camariñas).

🌀 Carballido

🌀 Aldea da parroquia da Graña (Ponteceso).

🌀 Carboeiro

Monte de 171m. de altitude situado cerca da aldea de Roncado, parroquia de Corme-
Aldea (Ponteceso).

🌀 Cartel

Aldea da parroquia de Moraima (Muxía).

🌀 Corcoesto

Parroquia que se localiza no noroeste do concello de Cabana de Bergantiños.

🌀 Corcubión

ria que comprende as parroquias de Corcubión e Redonda.

Concello coruñés que ten como eixo fluvial o río Anllóns, que limita o concello polo Norte. Está formado por quince parroquias: Agualada, Castro, Cereo, Coristanco, Couso, Cuns, Erbecedo, Ferreira, Oca, San Xusta, Seavia, Traba, Valencia, Verdes e Xaviña.

☞ **Coucieiro**

Parroquia pertencente ao concello de Muxía

☞ **Chan da Mariña**

Monte de 454 m de altitude situado entre as parroquias de Traba e Cándoa, que pertencen, respectivamente, aos concellos coruñeses de Laxe e Cabana.

☞ **Dombate, dolmen de.**

Seguindo a estrada cara a Baio, a un quilómetro aproximadamente, atopamos unha desviación á dereita que nos leva ó Dolmen de Dombate.

A súa estrutura, moi ben conservada, consta de sete pedras verticais (ortostatos) e unha cuberta. Na parte sudoeste está o corredor da entrada, pouco visible ata as últimas escavacións que se realizaron neste monumento nos anos 1987 e 1988, dirixidas polo arqueólogo X. María Vello Diéguez. Nelas comprobouse que o corredor estaba formado por tres treitos de ortostatos, pechando a entrada unha pedra vertical.

En tódolos ortostatos do corredor apareceron restos de pinturas, unha das grandes novidades destas escavacións; así coma o descubrimento baixo a coiraza dos restos dun segundo dolmen, de menores dimensións e máis antigo.

O túmulo está formado por terra, cunha pétreo ó redor. Fronte á porta de entrada apareceron unha ringleira de vinte idoliños.

Entre os materiais atopados podemos salientar: puntas de frecha, follas de sílex, machados, doas de colar, muíños, e diverso material cerámico precampaniforme e campaniforme.



coiraza

☞ **Esto**

Aldea da parroquia do mesmo nome (Cabana).

☞ **Ferreira**

Parroquia do concello de Coristanco bañada polo rego da Rabuxenta e o río Vao.

☞ **Froxán**

- Con este nome localizamos tres aldeas: a da parroquia de Corme-Aldea (Ponteceso), a da parroquia de Xorne (Ponteceso) e a da parroquia de Meanos (Zas).

☞ **Godomil**

Con este nome localízanse dúas aldeas: unha na parroquia de Corme e outra no concello de Ponteceso.

☞ **Gundar**

Aldea da parroquia de Nande (Laxe).

en ao concello coruñés de Malpica de Bergantiños. O arquipélago constitúeno as illas de Sisarga Grande, Malante e Sisarga Chica, as cales forman parte dun extenso bando de rochas que se estende desde o cabo de San Adrián, a uns 750 m, ata unha distancia dunhas dúas millas ao N.



forman
extende
unha

☞ **Langüelle**

Afluente do río Tambre.

☞ **Laxe**

Concello da provincia da Coruña, situado no extremo occidental da comarca de Bergantiños, que comprende as parroquias de Laxe, Nande, Sarces, Serantes, Soesto e Traba.

☞ **Louride**

- Con este nome localizamos dúas aldeas: unha na parroquia de Serantes (Laxe) e outra na parroquia de Moraima (Muxía).

☞ **Margaride**

Aldea da parroquia de Cundíns (Cabana).

☞ **Monte-Branco**

De volta de Corme cara a Ponteceso atópase o Monte Branco, tomando unha estrada á dereita, pouco antes de chegar á vila de Pondal.

O Monte Branco, debe o seu nome á cantidade de que cobre a súa superficie, procedente da barra que forma o Anllóns na súa desembocadura. Este lugar deléitanos cunha panorámica sobre o curso baixo deste río e do seu esteiro, denominado Enseada da Ingua, e tamén sobre a ría de Corme e Laxe.



area
río
boa

Esta zona húmida do treito final do río, resulta de grande interese natural, sobre todo, pola súa riqueza ornitolóxica.

☞ **Mórdomo**

Aldea da parroquia de Soesto (Laxe).

☞ **Muxía**


Municipio da provincia da Coruña.

☞ **Nande (San Simón)**

Fregresía anexa de Santiago de Traba, concello de Laxe.

☞ **Nariga, cabo.**

Punta do litoral atlántico, situado entre as dos Salgueiros e O na parroquia de Borizo (Malpica de Bergantiños).



Rubio,

mesmo nome (Muxía).
co, situada entre a ría de Lires e a punta Cusinadoiro, na
parroquia de Nemiña (Muxía).

☞ Niñóns

Aldea da parroquia do mesmo nome (Ponteceso).

☞ Oca, castro antigo de.

Aldea da parroquia de Oca (Coristanco).

☞ Ogas

Aldea da parroquia de Cambada (Vimianzo).

☞ Pasarela

Aldea da parroquia de Calo (Vimianzo).

☞ Ponte-Ceso

Situado na Comarca de Bergantiños, forma a fronte setentrional da ría de Corme e Laxe. Os seus 90,64 km², enmárcanse entre a punta do Roncudo, no bravío e recortado litoral da Costa da Morte, e a tranquila enseada da Insua, que a frecha areosa da Barra, separa da citada ría, onde desemboca o río Anllóns.

As súas 14 parroquias (Anllóns, Brantuas, Cores, Corme-Aldea, Corme-Porto, Cospindo, Graña, Langueirón, Nemeño, Niñóns, Pazos, Tallo, Tella e Xormes) agrupan a 8035 habitantes repartidos en 73 entidades de poboación.

A sona de Ponteceso venlle por se-lo berce do Eduardo Pondal (1835-1917). Á beira do río Anllóns se conserva a súa casa natal, construída polo seu pai cos aforros da emigración a Bos Aires.



poeta
aínda

☞ Porcar

- Aldea da parroquia do Salto (Cabanas).
- Aldea da parroquia de Lires (Cee).

☞ Riobó

Aldea da parroquia de Riobóo (Cabana).

☞ Suxo

Aldea da parroquia de Orzón (Muxía).

☞ Tella

• Con este nome existe unha aldea na parroquia de Traba (Laxe), e a freguesía de San Eleuterio de Tella, anexa de San Fiz de Anllóns, no concello de Ponteceso.

☞ Touriñán

Aldea da parroquia de Touriñán (Muxía).

☞ Traba


dúas parroquias: unha no concello de Laxe, e outra no

↻ Valencia

Aldea da parroquia do mesmo nome (Coristanco).

↻ Verdes

San Adrián de Verdes. Freguesía anexa de Santa de Cereo, concello de Coristanco, bañada polo río Anllóns.



María

↻ Vilarmide

Aldea da parroquia de Coucieiro (Muxía).

↻ Xallas

A Terra de Xallas abrangue o río Xallas e o seu val, que son a unidade morfolóxica que identifica a comarca, formada polos concellos de Mazaricos e Santa Comba, cunha extensión de 395 km² e unha poboación de 17608 habitantes. A comarca do Xallas é un conxunto de terras altas (a meirande parte do territorio está en torno aos 400 m) preto do mar.

↻ Xaviña

- Con este nome temos dúas parroquias: unha no concello de Camariñas e outra no concello de Coristanco.


-

↻ Z'reo (Cereo)

Santa María. Parroquia do concello de Coristanco.


Costa da Morte

Antón Fernández Carrera



a


TAXAS DE DESEMPREGO



TAXAS ACTIVIDADE

DE

	AL	TOT	ES	HOM	MUL
			ES	LERES	
A ESPAÑA	%	8,42	%	6,48	11,1
A GALICIA	%	8,65	%	6,25	11,7
A CORUÑA	%	8,26	%	6,48	10,5
LUGO	%	6,38	%	4,96	8,53
SE OUREN	5%	10,2	%	6,82	5,70
VEDRA PONTE	%	9,38	%	6,32	6,27
ZO VIMIAN	0%	13,9	%	9,10	20,9
IÑAS CAMAR	%	9,40	%	8,80	10,5



Click Here to upgrade to Unlimited Pages and Expanded Features


	TOTAL	HOMES	MULLERES
	57,43%	69,03%	46,31%
GALICIA	53,51%	63,59%	44,32%
A CORUÑA	53,76%	62,28%	45,91%
LUGO	50,28%	63,10%	38,42%
OURENSE	47,23%	56,47%	39,12%
PONTEVEDRA	56,84%	68,81%	46,58%
VIMIANZO	50,80%	62,70%	39,80%
CAMARIÑAS	41,10%	54,10%	28,70%

POBOACIÓN OCUPADA EN VIMIANZO


	TOTAL	HOMES	MULLERES
AGRICULTURA	18,17%	12,67%	27,38%
PESCA	0,89%	1,13%	0,49%
INDUSTRIA	21,47%	18,42%	26,56%
CONSTRUCCIÓN	24,42%	38,42%	0,98%
SERVIZOS	35,03%	29,33%	44,57%




POBOACIÓN TOTAL OCUPADA POR SECTORES EN VIMIANZO



POBOACIÓN MASCULINA OCUPADA POR SECTORES EN VIMIANZO



POBOACIÓN FEMININA OCUPADA POR SECTORES EN VIMIANZO




POBOACIÓN OCUPADA DE CAMARIÑAS



	TOTAL	HOMES	MULLERES
AGRICULTURA	2,57%	2,03%	3,56%
PESCA	26,65%	41,27%	14,24%
INDUSTRIA	17,52%	27,14%	30,13%
CONSTRUCCIÓN	19,12%	29,62%	1,09%
SERVICIOS	34,12%	24,90%	50,95%



POBOACIÓN TOTAL OCUPADA POR SECTORES EN CAMARIÑAS




POBLACIÓN MASCULINA OCUPADA POR SECTORES EN CAMARIÑAS




FEMININA OCUPADA POR SECTORES EN

Click Here to upgrade to Unlimited Pages and Expanded Features




		AGRICULTURA Y PESCA	INDUSTRIA	CONSTRUCCIÓN	SERVICIOS
ESPAÑA		5,17%	1,72%	12,48%	65,09%
GALICIA		10,46%	19,35%	11,48%	58,69%

POBLACIÓN OCUPADA POR SECTORES EN ESPAÑA (APROX.)



POBLACIÓN OCUPADA POR SECTORES EN GALICIA (APROX.)



Os alumnos de 1º de Bacharelato que cursamos a materia de Economía analizamos o mercado de traballo nos concellos de Vimianzo e Camariñas, tratando de relacionar os datos obtidos coas cifras da nosa provincia e coas medias de Galicia e de España.

documentos estadísticos de cálculo e análise da táboa as porcentaxes de desempregados, distribución da poboación ocupada por sectores de

actividade.

Estas son algunhas conclusións que nos permiten coñecer un pouco máis o entorno no que vivimos, pero queremos que comprobemos os datos nas táboas e que os escribamos nos cadrados en branco. Logo faite preguntas e trata de buscarlles a explicación lóxica.

VIMIANZO	CAMARIÑAS
<ul style="list-style-type: none"> • Taxa de paro moi elevada, máis de 5 puntos por enriba da media galega <input type="text"/> • O desemprego feminino afecta a 21 mulleres de cada 100 que poden e queren traballar <input type="text"/> • A taxa de actividade é un pouco máis baixa que a galega <input type="text"/> • No sector agrícola traballa unha porcentaxe moi elevada de poboación, sobre todo mulleres <input type="text"/> • Nos dous concellos a porcentaxe de xente que traballa no sector servizos é moi baixa comparada có sector terciario da economía española <input type="text"/> 	<ul style="list-style-type: none"> • A taxa de paro só é lixeiramente superior á galega <input type="text"/> • <u>Dato a salientar:</u> a taxa de paro feminina é inferior á galega e á española <input type="text"/> ¿Por qué? • A taxa de actividade feminina é moito máis baixa cá galega <input type="text"/> ¿Terá que ver <input type="text"/> coa pirámide de poboación? ¿Coa incorporación da muller ó mundo laboral? • A pesca é o sector fundamental de ocupación laboral, case na mesma porcentaxe que o sector servizos. Sector agrícola pouco importante <input type="text"/> <p>Sector servizos: <input type="text"/></p> <p>Galicia: <input type="text"/></p>

<p>da neste</p>	<p>España <input type="text"/></p>
<p>concello</p> <p><input type="text"/></p>	<p>• Menos xente traballando no sector secundario, pero moitas mulleres na industria</p> <p><input type="text"/></p> <p>¿En cal?</p>

Outros datos relacionados coa poboación destes concellos

INDICADORES DEMOGRÁFICOS	VIMIANZO	CAMARIÑAS
taxa bruta de natalidade	5 5 %	6 %
Taxa bruta de mortaldade	10 9 %	8 9 %
Índice de envellecemento	141 5	119 4
Idade media á maternidade	30 5	29 5
Nº medio de fillos por muller	0 5	0 5
Idade media do primeiro matrimonio	Homes: 27 5 Mulleres: 25 5	Homes: 28 5 Mulleres: 24 5

PARROQUIAIS

Traballo realizado por alumnos de 1º ESO B

Aínda que no concello de Vimianzo existen 14 parroquias, este traballo só inclúe información sobre a metade delas, por seren as parroquias propias dos alumnos que realizaron este traballo



San Vicente de Vimianzo

Arquitectura: A igrexa antiga sufriu unha total remodelación no ano 1966.

Estilo: Ecléctico: Románico (arco de medio punto na porta principal), Gótico (Rosetón central e ventás laterais), o campanario é de estilo barroco e conserva a pía bautismal do séc. XVIII. A parte máis antiga de pervivencias neoclásicas, é a capela onde se encontra actualmente a imaxe do Sagrado Corazón de Xesús.

(Marcos / Tania / Fran / Adrian /
Adriana)

San Xoán Bautista de Cambeda

Arquitectura: Base románica (sécs. XIó XII) e Barroco (finais séc. XVIII-principios XIX). Sobresae o campanario de finais do séc. XVIII e a sancristía do XVII.

A capela maior é de estilo neoclásico e a capela norte do último terzo do XVI.

(Tania / Alba / Andrés / Lorena / Rut)





San Sebastián de Serramo

Arquitectura: A parte máis antiga é a capela maior na que quedan restos de arte romana. A fachada é de estilo barroco de finais do séc. XVII. Do mesmo estilo é o campanario e a sancristía.

Nesta igrexa consérvase unha cruz procesional de prata, probablemente a máis antiga de Galicia.

(Sebastián)

San Antoniño de Baíñas

Arquitectura: Arte románica do séc. XII. Pertenceu a un mosteiro beneditino que pasou máis tarde ó compostelán San Martiño Pinaro. No exterior deste templo destacan os contrafortes. A portada principal e a sancristía foron engadidas a principios do séc. XIX. A torre campanario, de dous corpos, está rematada por unha lanterna.

(Diego / Cristian)



San Martiño de Castrelo

Arquitectura: Estilo barroco do séc. XVIII con planta de cruz latina. A fachada presenta un pórtico que recolle a porta principal e no que se levanta a torre campanario do séc. XIX. Esta ten base prismática de dous corpos. O inferior formado por arcos de medio punto e o superior levantado sobre un tambor octogonal e coroado por unha lanterna.

(Marco Antonio)

San Pedro de Berdoias

Arquitectura: Estilo románico (séc. XII) nos muros laterais. A capela lateral norte dedicada á Virxe da O foi construída en 1741. A torre é de estilo barroco, levantada en 1854 despois de que un ciclón tirara a espadaña en 1853.

(Nuria / Nelson)



San Martiño de Carantoña

Arquitectura: A parte máis antiga é a sancristía do séc. XVIII. A igrexa actual foi totalmente restaurada no séc. XX en construción moderna. No interior non hai retablos. As imaxes están colocadas soltas ó longo das paredes.


a Lugo

Por Ana García López / Rodrigo Barrientos Beizana / Bastián de la Sierra Suárez

O 7 de marzo, os alumnos de 1º ESO A e D fixemos unha visita a Lugo. Cando chegamos quedamos impresionados coa muralla e o ben conservada que estaba.



Primeiro visitamos unha casa romana na que se vían os mosaicos. Ensináronos un vídeo que falaba de cómo era *Lucus Augusti* e de cómo era esa casa na antigüidade. A continuación, visitamos o Museo Provincial.




Fachada do Museo Provincial de Lugo

Alí, catro grupos tivemos que facer unhas rotas sobre os relatos dun libro que leramos na clase. Repartíronnos unha folla a cada grupo con vinte preguntas sobre cada rota. Ao final os resultados foron bastante igualados: tres grupos con dezaseis acertos e un con dezaioito sobre vinte. Alí tamén observamos cadros, esculturasí

Despois fomos comer cada un cos seus amigos e buscamos un restaurante onde xantar. Cando nos reunimos na Praza Maior, todos coincidimos en que comeramos moi ben.

Subimos ao aotobús e dirixímonos cara ao Castro de Viladonga. Alí recibíronnos dúas arqueólogas que nos levaron ata o museo do castro. Dentro repartíronnos unha folla na que aparecía o plano do castro. Faláronnos del e tamén nos dixeran cales eran as súas construcións a través dunha maqueta que había no mesmo museo. Máis tarde as arqueólogas leváronnos a observar o monumento ao natural. Alí vimos a muralla que bordeaba o castro e explicáronnos


unha construción moi grande que se cría era un templo
mos a un terreo ás aforas do castro que se dedicaba á
os outras curiosidades.



Reproducción da vida no interior do castro

Finalmente, subimos ao autobús, onde o pasamos moi ben, e dirixímonos cara Vimianzo.

INARIO GINAIRE)



Le 13 mars nous, les élèves de 3°, 4° de ESO plus ceux de 1° et 2° BAC, nous sommes partis à A Coruña pour voir *Le malade imaginaire*, une comédie théâtrale écrite par Molière, un auteur, acteur et metteur en scène très important qui a influencé la dramaturgie postérieure. Cette pièce est sa dernière oeuvre; elle a été écrite en 1673, mais au tours de sa quatrième représentation, Molière est pris de convulsions et il est mort quelques heures plus tard.

Cette comédie raconte l'histoire de Argan, un homme vieux et riche qui souffre des maladies qui n'existent pas. Pour cette raison il a engagé sa fille Bélinde avec un médecin et, ainsi, il aura toujours un médecin chez lui. Mais Bélinde aime Cléante et Toinette, la servante, va les aider.

Dans cette nouvelle version que nous avons vue, il y avait seulement trois acteurs. L'acteur principal, qui faisait de Argan, était français, mais les autres, qui jouaient les rôles de Toinette, de Bélinde, de Cléante, de Angélique, n'étaient pas français: la femme est née à Barcelone et l'homme est belge.

La représentation a été très sympathique parce que les acteurs échangeaient les rôles, et parfois ils ne savaient pas ce qu'ils devaient dire (mais tout était préparé). En plus eux aussi ils ont chanté et dansé très bien, et les spectateurs ont aussi joué dans cette comédie.

Quand la pièce a terminé, nous avons pu parler avec les acteurs et leur poser des questions sur eux ou sur le théâtre, mais notre lycée n'a rien demandé.

Après, nous avons fait une promenade et, vers midi, nous sommes partis pour Vimianzo. Nous sommes arrivés à une heure et nous sommes allés en classe.

*ÇA A ÉTÉ GÉNIAL ET NOUS ESPÉRONS
BIENTÔT Y RETOURNER!*

Saleta Ameijeiras Rodríguez (4° ESO B)

Resumo da obra

Argán é un home rico que se cre que ten toda enfermidade canta neste mundo hai. Ten unha muller, Belina, á cal só lle fai caso polos seus cartos; e unha filla moi fermosa, Anxélica, quen está namorada de Cleanto. Maila isto, o seu pai non está dacordo coa súa relación, pois o desexo de Argán é que a súa filla case con Tomás, que é fillo dun médico e así el podería ter os servizos deste sempre que quixera.

Anxélica só lle comenta os seus amores con Cleanto a Toñeta, a súa criada de confianza. Cleanto entra na casa de Anxélica coma o seu mestre de música. Un día, o pai de Anxélica convidouno a pasar e cando chegou o prometido de Anxélica á súa casa o señor Argan convidou a Cleanto para escoitar a súa conversa e pediulle que cantaran unha canción. Os dous cantaron unha canción baseada nunha historia moi triste de namorados e o señor Argan enfadouse e pediulle a Cleanto que se retirara.

Heraldo, irmán de Argán, faille ver que el non está realmente enfermo. O médico chega e ambos discuten, polo que o médico maldíceo e dille que vai ter moitas enfermidades nos próximos días.

Para convencer a Argán da falsidade das súas enfermidades, Toñeta e Heraldo elaboran un plan, no que a criada se disfraz de médico e empézalle a receitar, polo que este comeza a sentirse ben.

Xa despois, Heraldo trata de que Argán se separe da súa muller, xa que esta só está con el polos cartos. Argán nega isto, pois pensa que a súa muller o quere realmente; entón, coa intención de comprobalo, deciden finxir, coa axuda de Toñeta, a morte do señor para ver canto o queren todos. Belina, ao enterarse da suposta morte do seu home reacciona dicindo que lle daba igual, xa que era un home bastante fastidioso. Argán dáse así de conta de que non o quería, entón esperta e Belinda sae e xa non a volven ver máis.

Máis tarde faise outra vez o morto diante da filla, pero esta comeza a chorar e dille que cumprirá a súa vontade. Nisto chega Cleanto, e Anxélica chora no seu ombro e cóntalle o sucedido e Cleanto dille que quere moito a súa filla e que xamais a abandonará malia irse ao convento. Visto isto Argán comprende os sentimentos da súa filla e acepta finalmente a súa relación.

**Silvia Trillo Ferreiro
Adriana Mouzo Oanes
1ºBach-A**

Molière



Molière (1622-1673), dramaturgo, director de compañía e actor francés, fixou o modelo da comedia clásica e encarna o papel de autor clásico francés por excelencia. O seu verdadeiro nome era Jean-Baptiste Poquelin, e naceu en París en 1622. Fillo dun burgués acomodado, cursa estudos de dereito para converterse en avogado. Pero en 1643, contra o desexo de seu pai, decide facerse actor e fundar, xunta coa súa amante e a familia dela unha compañía teatral, o Ilustre Teatro.

Dado que en París outras dúas compañías se disputan o favor do público, o Ilustre Teatro ten que marchar de xira por provincias varios anos. Nunha desas xiras son vistos polo irmán do rei, quen os instala definitivamente en París, onde triunfan cunha serie de farsas cómicas. A partir de 1660, o éxito de Molière é enorme, o que lle permite desenvolver o seu concepto de teatro: facer dun modo cómico a crítica dos males da sociedade do momento, atacando tanto á Igrexa como á burguesía ou o pedantismo dos homes de letras.

Durante a cuarta representación do Enfermo imaxinario, Molière, actor principal da obra, sofre un ataque cardíaco que o público considera parte da comedia, morrendo horas máis tarde. A cor da vestimenta de Molière nesa peza marcou para sempre unha das supersticións máis seguidas no mundo da farándula: nunca subir a un escenario vestido de amarelo.

amorados

Co gallo das celebracións do Día de San Valentín, os nosos alumnos realizaron para a revista unha serie de traballos sobre este Día e o que conleva que ofrecemos a continuación:

SAN VALENTÍN



Este santo o patrón dos namorados, posiblemente porque nalguns locais os paxaros apareábanse ou porque, segundo unha tradición, no tempo que a relixión cristiá estaba perseguida, el, ás agachadas, casaba as parellas baixo o ritual da Igrexa. Algúns cren que é unha festa cristianizada do paganismo, xa que na antiga Roma realizábase por este tempo a adoración o deus do amor -Eros-, a quen moitos simpáticamente pasaron a chamar Cupido. Tamén, e hai moitos séculos, foi tradicional en Inglaterra (cálculase que nos séculos XVII e XVIII) a festa dos valentíns, onde se elixía a homes e a mulleres para formar parella. Sexa como for, San Valentín case por sorpresa súa, é o patrón de todos os namorados e de todas aquelas persoas que queren ter unha amiguiña ou un amiguiño para que os acompañe non soamente ao cine ou á discoteca ou ben a cear, senón tamén para formar unha familia õser felices e comer perdicesö.

San Valentín goza de moita popularidade sobre todo nos países que falan o inglés: Estados Unidos e Gran Bretaña e tamén en boa parte do continente europeo. Desgraciadamente, os grandes centros aproveitan para facer do 14 de febreiro un gran día de consumismo, o estilo do Nadal e unha semana antes anuncian todos os seus produtos coma se fose a fin do mundo.

¿Peroí quen foi San Valentín? A verdade é que hai moi pouca cousa del. Sabemos que era un sacerdote que naceu en Roma a mediados do século III e que gozou dun prestixio naquela cidade ata o punto que o emperador Claudio II invitouno ao seu palacio para manter unha conversa e coñecer desta maneira o porqué da súa fama. Segundo a tradición, Valentín aproveitou aquela ocasión para facer õpropagandaõ da relixión cristiá e convencer o emperador para que seguira os pasos de Xesús. Aínda que nun principio Claudio II sentiuse atraído por aquela relixión que os mesmos romanos perseguían, os soldados e o propio gobernador de Roma, Calpurnio, obrigárono a desistir e organizaron unha campaña en contra do noso santo. Claudio non tivo máis remedio que facer marcha atrás e mandou a Calpurnio que o procesara. Pero aquela misión levaríaa a cabo o lugarteniente do gobernador, Asterius. Cando foi levado ante el, burlouse da relixión cristiá e puxo a proba a Valentín. Baixo un ton de burla, preguntoulle se sería quen de devolverlle a vista a unha filla súa que era cega de nacemento. Valentín aceptou e no nome do Señor obrou o prodixio. Asterius e toda a súa familia convertéronse ao cristianismo, pero Valentín non se salvou do martirio, xa que temendo unha rebelión do exercito romano e dos paganos, o emperador mandouno executar. Era o ano 270.

Os restos mortais de San Valentín consérvanse actualmente na Basílica do seu mesmo nome que está situada na cidade italiana de Terni. Cada 14 de febreiro celébrase nese templo, un acto de compromiso por parte de diferentes parellas que queren unirse en matrimonio no seguinte ano.

Traballo realizado por Verena Suárez Cambeiro (3º ESO C)

SOBRE O DÍA DOS NAMORADOS

(Valentín Vázquez e Cristina Vieites, 2º ESO B)

	Iria Domínguez (1º Bach. B)	Tania Pazos (1º ESO B) ó Maicol Pérez (1º ESO C)	Javier Illanes (Director)	Rodrigo Barrientos (1º ESO A)	Cruz nosa (A cocineira-camareira favorita)
¿Estás namorado?	Non, pero estiven.	Si.	Si	Non	Si
¿Qué é o amor para tí?	Un estado de confusión, un sentimento que é preciso vivir	É algo moi bonito que sentes por outra persoa.	Compartir un camiño e un proxecto.		Son os catro primeiros anos de loucura.
¿A que idade te namoraches por primeira vez?	Tarde.	Ós trece anos.	Ós doce anos.	Ós cinco anos.	Ós doce
¿Celebras (ou celebrarías) o Día de San Valentín?	Claro que si, pero este ano estiven enferma ese día e triste porque hai moito tempo que non teño mozo.	Si, porque é unha maneira de manifestar o que sentes pola persoa amada.	Non especialmente.	Si.	Si, por ter contento ó home.
¿Sabes por que hoxe é o Día dos namorados?	Non son coñecedora da súa orixe real, pero atévome a dicir que é un invento do mercado para subir as vendas nese día. Podía ser outro calquera.	Por ganancias económicas.		Por intereses económicos.	Por interese económico

Para o Día dos namorados, o 14 de febreiro, a nosa profesora de lingua castelá encargounos un traballo: pediunos que buscáramos poesías e cancións nas que se explicara o significado amor co fin de que nos informáramos e leramos diferentes cousas sobre ese día. Ademais de buscar textos, houbo algunhas persoas que, ante a dificultade que supuña encontrar auténticas definicións do amor, decidiron crear as súas propias cancións e poesías.

Cando chegamos á clase, cada un leu o que atopara e análizamo-los textos entre todos, intentando encontrar o significado da poesía. Léronse obras de poetas e cantautores famosos: Bécquer, Quevedo, Antonio Machado, Serrat, J. L. Perales. Ó final da clase todos coincidimos en que é moi difícil describir o amor: é un sentimento moi contradictorio; poucos poetas puideron definilo; os alumnos que decidiron intentalo custoulles moito esforzo.

A continuación incluimos aquelas que nos pareceron mellores.

Es una fuerza cósmica y ordenadora que atrae entre sí a los mutuamente complementarios. (Anónimo)

El amor es como un
aire que manda en tu interior.
A veces duele, a veces no,
el amor es un dolor.
(Bastían de la Sierra)

Hay en mí, esencia, como en las flores
de mil perfumes, suaves vapores
y su fragancia fascinadora trastorna
el alma de quien adora.
(M^a Dolores Beizana, 1987)

Todo amor es fantasía;
él inventa el año, el día,
la hora y su melodía.
(Antonio Machado)

El amor es parar
el tiempo en un reloj;
es buscar un lugar
donde escuchar tu voz.

El amor es crear
un mundo entre los dos.
Es perdonarme tú
y comprenderte yo.
(J. L. Perales)



*Your complimentary
use period has ended.
Thank you for using
PDF Complete.*

[Click Here to upgrade to
Unlimited Pages and Expanded Features](#)

and I your charming princess.
You kissed my lips
and I caressed your hair
the stars in the sky cried with joy
but when I woke up,
I saw you weren't.
I wanted to sleep again
but the sun didn't let me..

(Internet)

(Jéssica Insua Pérez, Antonio Carballo Rodríguez, Paula Alborés Fandiño e Adriana Pérez Lema 4º ESO A)

In my sky, there are no stars left,
if you are not with me,
my heart and the moon don't fill this
emptiness,
why are you leaving?
Every time I look up the sky,
I wonder if the moon says to you
how much I love you!
Every time I look up the sky
I ask the stars if they tell you
that you are my life.
Every night is sadder,
I want to know if you'll come back,
the moon doesn't come out,
the stars don't shine,
and I am nothing without you.

(Internet)

(Mariela Pérez Dalia e Romina Conde Conde 4º ESO A)

The thief thinks about stealing,
The killer thinks about killing,
The prisoner thinks about freedom,
and I only think about loving you.

(Internet)

(Silvina Lema Fernández 4º ESO B)

There's something,
you've got something I can't resist.
Things are what they will be and
when I look into your eyes,
they say to me.

Onte á noite soñei contigo
foi un soño de fadas
ti eras o meu príncipe azul
e eu a túa princesa encantada.
Ti bicáchelos meus beizos
eu acariciei o teu cabelo
as estrelas do ceo choraban de ledicia
cando espertei,
vin que non estabas
Quixen durmir de novo
pero o sol non mo permitiu

O meu ceo quedou sen estrelas,
se ti non estás,
o meu corazón e a lúa non se enchen,
¿por que te vas?
Cada vez que miro ó ceo,
pregúntome se a lúa che di
canto te quero.
Cada vez que miro ó ceo
pregúntolle ás estrelas se elas che din
que es a miña vida
Cada noite é máis triste,
quero saber se voltarás
a lúa non sae,
as estrelas non brillan,
e eu non son nada sen ti.

O ladrón pensa en roubar,
o asasino en matar,
o prisioneiro na liberdade,
e eu só penso en quererte.

that God still exists.
You make me believe,
You make me believe.
I love the temperature and smell of your
body,

funny
and you are the best kisser
I've ever known.
You see the way I am
without make-up,
without clothes,
and you accept me like nobody
and I will always love you, baby!
With my eyes closed
Because something
you've got something I can't resist.
Things are what they will be
when I look into your eyes,
they say to me
that God still exists.
(Shakira)

Hai algo en ti,
tes algo ó que non me podo resistir.
As cousas son como serán e
cando miro nos teus ollos,
(Paula Trillo e Antía Corbelle 4º ESO B).

For love, the earth gave me birth.
for love, I am what I am,
for love, I sing my song,
for love.

For love, my wrists bleed
and my heart splits into two parts
for love my eyes are aching,
for love, only for love.
(Darío Xohán Cabana)
(Saleta Ameijeiras Rodríguez 4º ESO B)

For a glance, the Earth,
for a smile, the heaven,
for a kiss I don't know
what I would give you for a kiss!!
(Gustavo Adolfo Bécquer)
(Alberto Mouzo Pazos 4º ESO B.=)

dinme que Deus existe.
Ti fasme crer nel,
ti fasme crer nel.
Encántame a calor e olor do teu corpo,
a forma dos teus beizos,
e o tamaño do teu nariz.
Encántame as cousas tan divertidas que
dis,
es o que mellor bica
de tódolos que coñecin.
Ti ves como son
sen maquillaxe,
espida
e acéptasme coma ninguén
e sempre te amarei, meu amor!
Cos ollos pechados
Porque hai algo,
algo en ti que non podo resistir.
As cousas son como serán
cando te miro ós ollos,
dinme
que Deus aínda existe.

Por amor nacín da terra,
por amor son o que son,
por amor canto a miña canción,
por amor.

Por amor, os meus pulsos sangran
e o meu corazón pártese en dous
por amor, dóenme os ollos,
por amor, só por amor.

Por unha mirada, un mundo,
por un sorriso, un ceo,
por un bicoí ¡¡¡Eu non sei
Que che daría por un bico!!!

Where does love come from?
It comes from a gaze,
It grows from an illusion
It lives on affection
And it dies because of a betrayal.
I wanted to proof his love.
I was sure he loved me,
One night I said to him that I'd leave him,
he said nothing,
he just looked down and left.
I thought he didn't care about it,
I thought his love wasn't true,
I thought he didn't even feel
the kisses I gave him.
The same night, he committed suicide,
leaving written on a piece of paper:
"For you, I have done it, my love."
(Anónimo)

Do pao nace a rama,
da rama a flor
e dime, meu querido amigo,
¿De onde vén o amor?
Nace dunha mirada,
medra dunha ilusión,
aliméntase do cariño,
E morre por unha traizón.
Quería proba-lo seu amor
Estaba segura de que me amaba.
Unha noite díxenlle que o deixaría
el non dixo nada,
soamente baixou a cabeza e marchou.
Pensei que lle daba igual,
que o seu amor era unha mentira,
pensei que os bicos que lle daba
nin sequera os sentía.
A mesma noite matouse,
deixando escrito nun papel:
"Por ti o fago, meu amor"
(María Carreira Carballo 4º ESO .B)

Every night , in my dreams,
I see you, I feel you.
That is how I know you go on.
Far, across the distance
and spaces between us,
you have come to show you go on.

Near, far, whenever you are.
I believe that the heart does go on.
Once more, you opened the door,
and you are here in my heart
and my heart will go on. and on.

Love can touch us one time,
and last for a lifetime,
and never let go till we´ve gone.
Love was when I loved you,
One true time to hold on to,
in my life, we´ll always go on.

Near, far, wherever you are,
I believe that the heart does go on.
Once more, you opened the door
and my heart will go on and on.

You´re here, there´s nothing to fear,
and I know that my heart will go on.
We´ll stay, forever this way.
You are safe in my heart
and my heart will go and on.
(Celine Dion)

(Daniel Álvarez Rojo 4º ESO B).

-HOW CAN I FORGET YOU?-

How can I forget you
if you gave me life
with your love
and your caresses?

How can I forget you,
when I trembled with love,
when you covered my body
with your kisses?

Cada noite, nos meus soños,
véxote, síntote,
así sei que segues ahí.
Lonxe,máis alá da distancia
e o espacio entre nós
Viñeches para mostrarme que segues ahí.

Preto, lonxe, onde queira que estés,
Creo que o teu corazón segue.
Unha vez máis abríches a porta,
E aquí estás, no meu corazón,
e o meu corazón segurá e seguirá.

O amor pode tocarnos outra vez,
E durar para toda a vida,
e nunca cesar ata que non estemos.
O amor era tal cando te amaba,
Unha verdadeira oportunidade para gardar,
na miña vida, sempre seguiremos amándonos.

Cerca, lonxe, onde queira que estés,
creo que o teu corazón segue.
Unha vez máis, abríche-la porta
e o meu corazón seguirá e seguirá.

Estás aquí, non teño nada que temer,
sei que o meu corazón seguirá a sentir.
Estaremos para sempre así,
Estás seguro no meu corazón.
e o meu corazón seguirá e seguirá amándote.

¿Como podo olvidarte
se me deches vida
co teu amor
e as túas caricias?

¿Como podo olvidarte
cando tremía co teu amor,
cando cubrías o meu corpo
Cos teus bicos?

obsessed with the pleasure
that you give me. ?

How can I forget you
if you gave me your feelings
And took away all my sorrow?

How can I forget you
If you are my only love.
And I'd give my life
for just one of your kisses?

How can I forget you
if I gave myself to you
for love.?
I'll never forget you.

(Anónimo)
(Irene Suárez Pérez 4º ESO B)

¿Como podo olvidarte
se ti coñeces a miña vida
polas noites
obsesionada polo pracer
que me das.?

¿Como podo olvidarte
se me deches o teus sentir
e te levaches a miña dor?

¿Como podo olvidarte
se ti es o meu único amor
e daría a miña vida
por só un dos teus bicos.?

¿Como podo olvidarte
se me din a ti
por amor?
Nunca te esquecerei..

Meco

Personaxe antigo a quen se lle botan as culpas dos males cometidos por todos. A palabra tamén servía para asustar aos fillos pequenos cando choraban. Segundo parece, o acontecemento real do meco sucedeu nas terras da península do Grove, en Pontevedra.

Mouro, moura



Ser sobrenatural e lendario que habitaba as covas e non pertencía ao mundo visible. Na cultura do pobo galego, os mouros constitúen unha tribo máxica, unha raza mítica. Así, os mouros ergueron co seu misterioso poder castelos e torres; a eles débense os riscos que se amosan gravados nalgúns penedos; eles construíron os monumentos prehistóricos envoltos en lendas. Tamén escavaron as covas e furnas; formaron as mámoas e os castros; abriron as fontes rústicas de auga clara, limpa e fría; foron os que traballaron os penedos xigantescos, debaixo dos que gardan os seus tesouros. Por último, teñen palacios nos que moran baixo terra, rodeados de ouro.

Nubeiro



Especie de trasno ou espírito maligno, morador dos aires, a quen o imaxinario popular atribúe o poder de producir a treboada e dirixir os raios. Crese entre algúns campesiños que os

nubeiras, son os que forman nas nubes o trebón para O pobo considera que están dotados da facultade de s, misión esta derradeira máis propiamente encomendada

ós tronantes.


Dona

Espírito feminino das augas que, no imaxinario popular galego, está dotado dun enigmático poder para o ben e para o mal. As donas imaxinarias de Galicia moraban nos ríos e nas fontes, e aparecían por veces sentadas sobre unha pedra, debaixo da que se cría agochado algún tesouro. Peiteaban con peites de ouro os seus cabelos loiros, e percorrían pola noite os areais e as fragas bañadas pola luz do luar. En moitas ocasións, confundían a propósito aos camiñantes.

Tardo

Espírito ou xenio xoguetón a quen se lle atribúen os pesadelos que algunhas persoas experimentan durante o sono. É doado de enganar porque é moi curioso e abonda con deixar riba dunha mesa do cuarto unha cunca de trigo, centeo, alpiste ou millo miúdo para que, levado da súa curiosidade, se entreteña en contar os grans, ao que é moi afeccionado. Pero como só sabe contar ata cen, ao chegar a este número perde a conta e volve empezar de novo. Deste xeito pasa toda a noite, ata que os reflexos do novo día o sorprenden, obrigándoo a desaparecer, porque só vive nas sombras nocturnas.

Trasno



Nas vellas crenzas, é un espírito nocturno. Como espírito da casa adoita facer estragos sen producir danos graves, pois todo o revolve e trastorna. Fai chocar no alzadeiro uns pratos contra doutros; enguedella os fíos dos nobelos que a muller prepara a carón da lareira; esperta aos rapaces cando máis durmidos están. Produce ruídos misteriosos no sobrado ou no faiado; trastorna os apeiros da espeteira; e como o sumicio, agacha as cousas para que non aparezan cando con máis interese se necesitan e procuran.

O poeta Vítor Vaqueiro explica que o trasno é unha especie de anano caseiro, algo semellante ao troll do norte de Europa. Loce grandes barbas e adoita vestir un pucho de cores variadas.

a Tajés, 1º BACH A)

A investigación biolóxica logrou abrir o camiño á manipulación da reprodución dos organismos e das características xenéticas dos descendentes.

As maiores expectativas céntranse na combinación entre as técnicas de clonación e as da enxeñería xenética, é dicir, na produción de células ou organismos clónicos que, modificados xeneticamente, ofrezan posibilidades de detección ou tratamento de enfermidades, ou ben, mellor animal ou vexetal para a industria agropecuaria.

A posibilidade de intervir na reprodución ou nas características xenéticas dos seres humanos carrega consecuencias éticas ou sociais que é necesario ter en conta.

VALORACIÓN PERSOAL

Eu considérome a favor da clonación sempre e cando se trate de salvar vidas, como no caso dos transplantes, ou cando a clonación conduza á curación de enfermidades graves. Porén non me parece ben clonar a seres humanos porque dáme a impresión de que se trata dun capricho e non lle vexo máis utilidade que a de demostrar que clonar a un ser humano é posible. Tamén me poño no lugar da persoa clonada, o clon. Imaxínate que un día che explican que eres un clon doutra persoa. É como se non foses unha persoa verdadeira, senón que te sentes como unha copia, unha falsificación da persoa orixinal.

En canto á investigación con animais, estou a favor diso, xa que me parece a única maneira de experimentar certas hipóteses que lles poden salva-la vida a moitas persoas.

Tamén existe moita polémica na utilización de embrións para estes fins. A Igrexa, entre outros, considera que se está experimentando con seres humanos. Eu non opino así porque para min as células nais embrionarias só son un conxunto de células e aínda non son un ser humano e nunca chegarán a selo porque, a maioría das células coas que se experimenta, quedaron como material sobrante nas técnicas de reprodución asistida e nunca se empregarán para a procreación dun individuo.

O Feminismo (Rebeca Pedreira Santos 4º ESO B)

Na materia de ética foisenos asignado realizar un traballo, cada alumno debía escoller un tema; en vista de todos, escollín o que se relacionaba co FEMINISMO. Para ser sincera non sabía moi ben como facelo nin de que falar, pero coa Internet solucionei algunhas dúbidas.

Puxenme mans a obra e atopeime con que o feminismo, dera moito que falar en España e a moitos dos nosos antergos.

Din que o feminismo fora como un movemento social, unha das manifestacións históricas máis significativas da loita emprendida polas mulleres para conseguir os seus dereitos. Naqueles tempos as mulleres só se lles asignaban as tarefas da casa, a procreación e o coidado dos fillos e nunca outro tipo de traballos, polo que a muller case nunca saía da casa.

No noso país houbo dúas grandes figuras como Concepción Arenal (penalista) e Emilia Pardo Bazán(escritora galega), que loitaron polos dereitos da muller.

Con todo o simple que se queira, hai algo que é inevitable: o home e a muller foron creados iguais, polo que deberían ter obrigas e dereitos idénticos.

a en Internet non era suficiente, achegueillei ó traballo
es opinións entre sexos; realicéillela a dúas persoas de

xénero distinto.

1º/¿Qué pensa vostede do feminismo?

Opinión dun home: penso, simplemente, que foi algo co que as mulleres se liberaron un pouco, xa que antes non podían nin sequera expresar as opinións, non podían ir traballar e tampouco saír da casa.

Opinión dunha muller: pois penso que, se non fora polo movemento feminista, as mulleres seguiríamos sendo ñescravasõ, como eran algunhas anteriormente.

2º/¿Pensa que conseguiron algo con dito movemento?

Opinión dun home: home, algo conseguiron, aínda que só sexa, polo menos foron escoitadas, õdéronlleõ o dereito a voto e algún traballo como o dos homes, aínda que que eu son dos que pensan que nunca chegarán a realízalos coma nós.

Opinión dunha muller: bastante máis do que pretendían, creo eu.

3º/¿Pensa que en séculos pasados os homes se crían os xefes?

Opinión dun home: non, non creo. Que eles tiveran traballos e dereitos que elas non tivesen non creo que os fixese tan importantes, eu desde logo non vivín esa época directamente , pero acórdome porque era neno, eu non me crería o xefe. Pero hai de todo.

Opinión dunha muller: tanto como xefes non creo. Pero ó mellor si un pouco máis importantes polo feito de seren eles os máis mandatarios nunha casa.

Falando de tempos de antes, porque agora todo mundo(homes e mulleres) son quen de levar pantalóns(☺entre risas☺)

4º/¿ Que lle parece que grazas á õloitaõ dalgunhas mulleres obtivesen o dereito a voto?

Home: penso que ben, porque se tiñan dereito a traballos e a vida coma a dos homes, tamén tiñan dereito a expresar as súas opinións ¿non?. Somos todos humanos, tanto homes como mulleres.

Muller: a min ben. Supño que estou de acordo con el, xa que somos da mesma época e vivimos estes tempos de moi nenos.

5º/Xa que din que se acordan destes tempos, ¿poden dicirme algo de como se vivía?

Entre os dous: vivíase como agora, tampouco é tanta a diferenza, só cambia pois, que as mulleres non traballaban por fóra da casa como agora, elas traballaban na casa, coidaban os fillos e tiñan todo listo para os homes (a roupa, a comida,...).

Dedicábanse ás tarefas da casa e ían ó monte ou ás leiras, amañar os cultivos e arraxaban os animais.

Non saían nunca da casa, porque se ían por aí, xa non eran decentes, todo o contrario.

As mulleres non traballaban nada porque non tiñan dereito pero tamen porque non era ben visto que a muller da casa traballase, porque os cartos á casa tiña que levalos só o home.

Agora, xa poñen pantalóns e antes non o poñía ningunha, agora van traballar por fóra e viven tanto dos cartos dela como dos do home e agora ata lle pagan a outras para que lles coiden os fillos.

a miña valoración persoal. Penso que grazas a este poder máis libres, xa que adoitaban depender do home. Se traballo foi porque vin como dúas persoas de distinto sexo opinaban algunhas cousas moi iguais e outras moi distintas. E eu preguntome: ¿é igual de machista un home que feminista unha muller?, é dicir, así como algúns dos homes son machistas, ¿as mulleres somos iguais de feministas?

A **Psicología** (Silvia Trillo Ferreiro e Adriana Mouzo Oanes 1º BACH A)

A psicología converteuse hoxe en día nunha ferramenta esencial das nosas vidas. Xa dende a primeira definición coñecida elaborada por Aristóteles, o cal a definía como a ciencia da alma ata a que agora se lle atribúe o estudo científico da conduta e da experiencia, de cómo os seres humanos e os animais senten, pensan, aprenden e coñecen para adaptárense ao medio que os rodea. Xa a finais do s.XIX e principios do XX, xorden unha serie de escolas ou grupos de psicólogos que compartían unha visión teórica e enfocaban os problemas psicolóxicos cunha orientación común. Foi o florecemento destas escolas o que escribiu a historia da psicología, xa que malia ter diferentes opinións sobre os métodos a aplicar e o fin do seu estudo, foron especialmente relevantes para o desenvolvemento da psicología actual.

Ben sabido é tamén que a psicología é, máis ca unha ciencia experimental, unha ciencia social, xa que non podemos obter estatísticas certas sobre como reacciona cada tipo de persoa porque cada individuo é único e irrepitible. Disto xa se encarga ben a **psicología evolutiva**, que estuda a forma en que as persoas cambian ao longo da súa vida e como estas reaccionan ante un ambiente que tamén cambia. Pois é moi curioso saber estes pasos polos que pasamos dende que nacemos ata o final da nosa vida. Aínda que existen excepcións, pois non somos todos iguais, a nosa actividade primaria, dende o nacemento ata os tres anos, trátase dunha difícil loita contra esas actividades que ata o de agora fixeran por nós: respirar, comer... e tamén a distinguir aos amigos dos inimigos, manifestar as necesidades, etc. Logo, así que teñamos entre os 3 e os 6 anos, o máis importante para as nosas vidas son os outros nenos, e cerca dos 12, xoga un papel importante o grupo de iguais e a familia. Logo damos paso á adolescencia, que a pesar de ser unha das etapas máis complicadas pódese dicir que, na nosa opinión, é a mellor de todas. Pois é certo que, na maior parte dos casos, aínda que cada un teña os seus propios problemas, non temos un alto nivel de responsabilidade, como o pode ser o simple feito de que alguén dependa de nós, como nós por exemplo estamos a depender de nosos pais.

Outra etapa diferente e destacada é a adulta, na que se ten unha maior capacidade para afrontar algún problema trala súa maior experiencia e madurez. O máis importante é a formación dunha familia e o traballo. Nesta etapa tamén se pensa moito no trascurso da súa vida, pois xa pasou gran parte dela e analízase o que se fixo e por qué se fixo.

Por último, tamén podemos darnos conta do mal que o poden pasar as persoas anciás, pois perden a destreza dos seus sentidos e se nos atopamos por exemplo nun debate ou outra actividade de diversas opinións, moitas veces aos vellos non adoitan facerlles moito caso, polo feito de que non entenden ou simplemente non están ao día. Pero no que non se fixan é en todo o que viviron, toda a súa experiencia e todo o que saben.

Así pois, a psicología é un campo cunha crecente especialización, froito da necesidade e das novas tendencias, aínda que segue mantendo moitos dos problemas que se planteou orixinalmente.



PDF
Complete

*Your complimentary
use period has ended.
Thank you for using
PDF Complete.*

[Click Here to upgrade to
Unlimited Pages and Expanded Features](#)

que a psicoloxía é un coñecemento intuitivo sobre o
pretende é explicar e desenvolver estes coñecementos. O
xénero humano reflexiona sobre si mesmo e sobre o medio no que vive, pero non todos os
coñecementos se conseguen do mesmo xeito.

A relixión ortodoxa (3º ESO A)

A relixión ortodoxa conta con máis de 250 millóns de fieis repartidos por todo o mundo. A palabra ðortodoxoö significa ðcrenza correctaö, mentres que ðcatólicoö significa ðuniversalö.



A cidade na que eu vivía era Resita, que conta con 112.000 habitantes, está situada no SO de Romenia. A maioría dos romaneses son ortodoxos (76%); os greco-católicos e os romano-católicos representan unha proporción do 10%.

Celebracións da relixión ortodoxa.

A Pascua Ortodoxa

A celebración da Pascoa é a festa máis importante para os ortodoxos. Os católicos síguena festexando segundo o calendario gregoriano e os ortodoxos segundo calendario xuliano. Tanto para católicos como para ortodoxos a Pascoa debe celebrarse o primeiro domingo despois da lúa chea.


A Coresma

A Coresma ortodoxa empeza co chamado ðLuns limpoö, equivalente ó Mércores de Cinza dos católicos despois do último Domingo de Entroido. Son 40 días durante os que o cristián debe absterse do consumo de carne e produtos lácteos, permitíndose tan só o consumo de vexetais, peixe, mariscos e aceite. Os mércores e venres evítase o aceite.

A Semana Santa

e hai misas pola mañá e pola tarde. As misas son en
as igrexas están decoradas con crespóns e panos negros e
or morada.

Diferenzas entre as dúas relixións



-No Bautismo os católicos derraman auga sobre a cabeza do bautizado, mentres que os ortodoxos mergullan o neno na auga na pía bautismal.

-Na Comuñón os ortodoxos evocan ó Espírito Santo e ó comungar reciben pan e viño. Os católicos utilizan pan non amasado (hostia) e normalmente non reciben viño.

-Na Igrexa Ortodoxa non existe a Primeira Comuñón nin a Confirmación.

-O catolicismo impón o celibato aos clérigos de todos os graos da xerarquía, mentres que os popes ortodoxos si poden estar casados se o desexan, sempre e cando non desexen chegar aos niveis máis altos da xerarquía. Por exemplo, os popes casados non poden chegar a ser bispos.

Os sacerdotes católicos poden dicir varias misas no mesmo día e sobre o mesmo altar, os ortodoxos non, só unha ao día.

-A maneira de *santiguarse* é distinta: os ortodoxos fano de dereita a esquerda.

¿En que cremos os ortodoxos? : Os ortodoxos cren en Deus, na Cruz, na Biblia e nos Santos.

Días festivos: A Pascoa, Noite Boa (24 ao 25 de decembro) e Noite Vella (31 de decembro).

¿Como se celebra unha voda?: A parella vai á Igrexa, o cura casaos e despois segue a festa con invitados durante 3 días.

¿Como se celebra un funeral?: O defunto é velado durante tres días na súa acsa-Despois diso é levado ao cemiterio e o cura realiza os actos fúnebres.

ENTREVISTA A ANA O BREA

(Realizada polos alumnos de 2º de Bacharelato de Literaturas Hispánicas)

1. Por que estudaches filoloxía galego-portuguesa?

Estudei filoloxía galego-portuguesa porque estaba moi interesado na lingua e na cultura do meu país. Encantábanme os escritores galegos da época medieval e os do Rexurdimento. Creo que a lectura da obra de Castelao, Pondal e Rosalía foi determinante no meu interese polo galego.


2. Que é o que botas de menos do teu tempo de estudante nas universidades nas que estudaches?

A verdade é que non boto de menos o tempo de estudante, xa que eu non era unha persoa que saíse moito. Tiña algúns amigos e amigas ás que lles perdín a pista e cos que me gustaría falar para saber como lles foi a vida. Tamén lembro que estaba moi involucrado na actividade cultural da universidade. Daba recitais de poesía, organizaba conferencias, participaba en revistas... Por exemplo, con 18 anos eu xa entrevistara para a revista da Facultade ao escritor José Saramago, moito antes de ser premio Nobel de literatura. A miña vida como estudante universitario foi moi axetreada. Lembro aqueles anos con moito cariño.

3. En que faceta da vida te sentes máis satisfeito, como docente ou como escritor?

Estou contento coas dúas facetas, porque ambas dan satisfaccións. Gústame moito a docencia e a verdade é que os rapaces e rapazas deste instituto son moi simpáticos. Como escritor tamén estou satisfeito, sobre todo estes últimos anos, que estou traballando bastante.

Agora imos falar do
teu libro *O país dos
nevoeiros*:



de Eduardo Pondal? Porque te inspiraches nel?

Pondal, pero non me inspirei nel. Ningún poema ten obra. Só tomei da súa poesía o aspecto pagano, como a mitoloxía céltica. O libro fai só unha homenaxe a Pondal no número de poemas, xa que son 91 como en *Queixumes dos Pinos*. Alén diso, pouco máis, xa que eu acudín ás fontes irlandesas, como o *Leabhar Gabhala*, que el non coñecía. Pero hai outros moitos poetas que me gustan, como Horacio, Petrarca, os poetas medievais galego-portugueses e provenzais, Dante, os poetas españois do século de ouro, a poesía anónima irlandesa, os poetas ingleses desde Shakespeare ata Byron, a poesía francesa desde Baudelaire a Rimbaud, os poetas do 27 e entre os poetas galegos, a parte de Pondal, pois Rosalía e Manuel Antonio, Antón Avilés de Taramancos (que é un dos meus preferidos) e Fernán-Vello.

5. Por que te inspiras na paisaxe en moitos dos teus poemas? Cres que os galegos temos un sentimento especial da paisaxe?

É máis o menos como o que vos dixen antes. Non me inspiro na paisaxe, senón que a paisaxe está presente nos meus poemas como o está no mundo que nos rodea. En certa medida si que hai un sentimento da paisaxe nalgúns poetas galegos, como Fernán-Vello. Eu non son un poeta paisaxista, pero si podes encontrar nalgúns poemas un sentimento telúrico da paisaxe, sempre enraizado coas divinidades pre-cristiás, de aí que podemos encontrar case todo o panteón celta nos poemas nos que me refiro á paisaxe, como nos dedicados ao Monte Pindo.

6. No teu libro describes Compostela por ser a túa cidade natal e a Costa da Morte por ser o lugar onde traballas, por que os Ancares?

Hai un ciclo de poemas que teñen como ambientación a cidade de Compostela, porque eu a utilizo como un lugar simbólico, un motivo recorrente válido para restaurar a nacionalidade e onde encontrar o mellor da Galiza, na súa maxia, na cor e na atemporalidade que transmite, que torna visíbel o traballo invisíbel de milleiros de persoas que a construíron. A Costa da Morte non a utilizo por ser o lugar onde traballo, de feito xa había un ciclo de poemas ambientados na Costa da Morte moito antes de que comezase a traballar en Vimianzo. Para min é tamén un lugar cheo de simbolismo e no que vexo a esencia da patria, de aí os poemas a Fisterra, ao monte Pindo e a todos os lugares onde hai esa forza telúrica que estiven buscando.

Os poemas dos Ancares escribinos cando estiven traballando alí, antes de vir a Vimianzo. É un lugar complementario pola forza que transmite coa Costa da Morte, mais neste caso son as montañas do interior, o clima, a xente e a paisaxe o que me chamou tanto a atención para dedicarlle outro dos ciclos de poemas.

7. Por que teñen tanta importancia para ti os temas mitolóxicos?

A mitoloxía que utilizo é a de orixe irlandesa, as lendas de Ith e de Breogán, a conquista de Irlanda por parte de Mill e como os deuses interveñen nesa cosmovisión. Non hai ningún escritor galego que se dedique a procurar ese aspecto da nosa historia, polo que dou por ben empregado o tempo que pasei formándome para tentar transmitir aos lectores a importancia de termos unha mitoloxía rica, profunda e antiga. No libro mesmo hai un glosario, que fixo Antonio Gil, para explicar todos eses nomes, porque ás veces pode despistar a algún lector.

ribir versos de amor?

amor á muller que estaba comigo. É unha parte tamén importante do que escribo. Tento transmitir nos poemas amorosos toda a forza que se encontra no amor, que é unha faceta fundamental do ser humano.

9. Por que a métrica ten tanta importancia na túa poesía?

Tedes razón, pero a métrica, o ritmo, a medida dos versos, o estrofismo e a combinación dos diferentes tipos de versos son simplemente aspectos externos que non afectan ao que se di nos poemas. Son só cauces para o que se di. Usei moito o verso branco, sen rima, para achegarme á métrica latina. Tamén collín o que me pareceu mellor da época medieval, do barroco e da modernidade. Hai moito por detrás, pero despois dinlle o meu toque persoal, renovándoo todo, pero sen rachar co anterior. O que é alleo á miña poesía, tal e como a sinto neste momento preciso no que falamos, é a rotura co ritmo do verso como é tan común na poesía das últimas décadas. Iso non me di moito, prefiro o traballo, aínda que un poema me leve semanas.

10. A que responde o título da obra?

O país dos neveiros é un nome simbólico para referirme á nosa terra.

11. Para finalizar, de aquí en diante, pensas cultivar outros xéneros ademais da poesía?

Pois si, porque é o que fago normalmente. A poesía é só unha parte pequena do que escribo. Xa escribín teatro, contos, novela, ensaio e niso continuo. Só hai épocas que te dedicas máis a unha cousa do que a outra. Agora interésame máis a novela e o conto.

O 15 de maio o escritor Carlos Negro (*) ofreceulle ós rapaces de 4º da ESO e de 1º da BACH unha charla sobre poesía galega contemporánea que incluíu un recital dos seus propios poemas. A continuación, foi entrevistado por Saleta Ameijeiras (4º ESO A):



ENTREVISTA A CARLOS NEGRO

Carlos Negro deixou constancia no instituto, cunha breve pero divertidísima conferencia sobre as múltiples temáticas que se dan e deron na poesía galega.

Para romper o xeo, comecei preguntando sobre o que lle pareceu a conferencia, e se os alumnos prestaron a atención que a el lle gustaría, ó que respondeu...

õPois... eu quedei contento, non sei... sobre a conferencia hai que preguntarlles a eles o que lles pareceu. Eu sempre trato de presentarlles a poesía como algo atractivo e divertido; e eu estiven moi a gusto, así que espero que a eles tamén. E elasõ.


Logo, fixen un percorrido pola súa obra. Sobre a primeira delas, õAs laranxas de Alí Babá õ, pedinlle que aclarase unha frase que di na introdución do libro: õTodo nel é mentira, pero procurei que nada fose falsoõ. ¿A que é un pouco complexa? Pero ... ¡Non vos preocupedes! El resólvenos a dúbida...

õA literatura nace da imaxinación, é dicir, os escritores sexan de poesía ou de narrativa inventamos cousas. O que poño en õAs laranxas de Alí Babáõ naceu da miña inaxinación; por tanto non podó dicir que é real ou que existe, pero cando inventamos cousas é porque nelas queremos poñer algo de verdade; é dicir, algo que para nós é sincero, que é certo... aínda que o expresemos a través da imaxinación. Entonces os sentimentos que para min leva ese libro son certos. Claro que a forma de expresalos foi mediante a creación duns personaxes.

A literatura é imaxinación, pero ás veces, igual que as películas, ou outras formas de arte, as cousas imaxinativas, tamén nos contan verdades sobre os seres humanos; sobre como somos, como pensamos, como soñamos... Por iso digo que : õTodo nel é mentira, pero

so porque o que conto aí para min no fondo esconde
caais, a historia é imaxinaria ¡claro! Porque a literatura

Cambiando de obra, na recente antoloxía de Fran Alonso, Poetízate, publícanse dous poemas del, da obra *Far West* (1991), onde se critica a violencia contra a muller. Entón, pregunteille por qué se refiere nunca delas a Eduardo Pondal, ó que contestou...



õEduardo Pondal é un poeta clásico da literatura galega. Un poeta moi bo. Un mito en certa medida, pois grazas a el viñeron moitos escritores galegos. Foi, xunto con Rosalía e Curros os que empezaron a reivindicar o uso do galego para a literatura e para a vida. Eso non quita para que, polo ambiente da súa época non tivera nalgúns poemas unha visión das mulleres machista, onde se trata á muller como obxecto sexual. Nalgúns poemas, claro! Non en todos. Entón, valorando moito a Eduardo Pondal, eu, dende o meu tempo, dende a sociedade actual, podo, como fan outros escritores, dar unha volta a esas mensaxes que tiña Pondal, criticalas ou parodias, ou dicir: õpois non estou dacordo con esta visión da muller que ofrecen os poemasõ. Entonces, anque eu admire moito a ese escritor, podo criticalo, porque o que el pensaba no século XIX non é o que debe pensar a sociedade actual, entorno á igualdade dos homes e das mulleres. Entón por eso xogo un pouco neses textos, neses poemas a criticar e facer burla dalgúns aspectos temáticos da poesía de Pondal. Pero eso pasa moio na historia da literatura, o que non quere dicir que non me guste a poesía deste gran escritor galegoõ.

Xa rematando preguntei:

¿Por qué cres ti, como poeta e profesor, que a xuventude ve como algo difícil e aburrido a poesía, sexa no idioma que sexa?

õNon estou totalmente dacordo con esa afirmación, é dicir, o que pasa é que normalmente a xente nova non coñece a poesía. No mundo actual hai moitas máis formas de ocio que están moito máis promocionadas cá poesía. Pero a miña experiencia dime que cando a xente nova le poesía, sobre todo poesía actual, si que lle gusta. Eso son prexuízos, ideas que existen sobre a poesía, que se poden desmontar facilmente; pois lendo poesía, a mocidade non ten nada en contra dela, realmente. Simplemente que algunhas veces non a coñecen ou non lla presentan no momento adecuado, e algo que non coñeces non che pode gustar. Non o podes valorar nin ben nin mal. O mesmo pasa coa lecuraõ.

Para rematar, falou un pouco dos seus proxectos futuros.

õEstou facendo textos, poemas pensados sobre o mundo dos coches, da xuventude, e un pouco ese vivir suicida que ás veces leva a eses accidentes de tráfico, pero




Your complimentary
use period has ended.
Thank you for using
PDF Complete.

[Click Here to upgrade to
Unlimited Pages and Expanded Features](#)

u ver se proximamente o podo publicar. Por tanto, sigo
sacar algo novo, como dixen antes, poemario pensado
alö.

(*) Carlos Negro Romero (Lalín, 1970). Profesor de Lingua Galega no CPI Eusebio Lorenzo Baleirón de Dodro. Deuse a coñecer como poeta coa obra *As laranxas de Alí Babá* en 1998. É autor tamén de *Far West* (2001) e *Héleris* (2003). Ten colaborado tamén en volumes colectivos como *XVI Festival da Poesia no Condado. Outro mundo é posíbel* (2002) ou *Negra sombra. Intervención poética contra a marea negra* (2003), e dado a coñecer a súa obra en formato dixital a través da rede: *Cantos da perda* (2004).



O día 22 de maio o escritor Xelucho Abella Couciño (*) reuniuse coa alumnos de 1º da ESO para responder ás súas preguntas sobre o seu libro **A cidade maldita** (1991), lido por eles na 3ª avaliación. Na charla o escritor explicou cómo escribía, que temas lle gustaban para facelo, os motivos que o inspiraban e a súa actitude en xeral diante da literatura.

Despois da charla, o escritor foi entrevistado por Adriana Mouzo (1º BACH A) a respecto da relación deste seu libro coa obra **Queixumes dos pinos** de Eduardo Pondal.

Entrevista a Xelucho Abella Chouciño

Que tal a actividade cos alumnos?

Moi ben cos alumnos de aquí, do I.E.S de Vimianzo, moi participativos, fixeron preguntas moi interesantes, e, nada, encantado.

Na lectura do seu libro òA cidade malditaö apréciase claramente un abundante uso de topónimos, do mesmo xeito que fixera Pondal en òQueixumesö. Por que?

Porque paréceme que os nomes dos topónimos teñen unha sonoridade, unha eufonía, é dicir, que soan ben, e igual decateime tamén que Pondal que facía tamén iso e dixen eu, pois vou coller así nomes de lugares que soen así ben e vounos utilizar como nomes de personaxes.

Foi este trazo foi máis ben un toque orixinal ou quizais unha homenaxe a Pondal?

Bueno, eu como homenaxe a Pondal non o pensei, pero o que se é certo de que pareceume unha boa idea esa que tiña Pondal e por iso eu lla copiei, copiei o sistema de Pondal.

bientada no mítico mundo prehistórico dos celtas e nela
: o xefe, o bardo, o curandeiroí Unha vez máis, este é
esö. Foi esta obra a súa fonte de inspiración?

Pois en realidade non, a fonte de inspiración é que a min sempre me gustou o mundo celta entón eu tratei e trato de coñecer todo o referente á cultura celta e todos os países onde se dá esa cultura, maiormente nos países celtas que limitan co Atlántico, os celtas occidentais, como é a Bretaña Francesa, Escocia, Irlanda, Cornualles ou como é Galicia.

Poderíanos dicir os trazos que máis lle gustan da poesía de Condal e cáles lle gustaría reflectir nas súas obras?

Verdadeiramente son un gran lector da poesía de Pondal, a min encántame. Dous elementos que me gustan moito son, o primeiro, o gran cariño que el demostra a Galicia e, en concreto, á terra Bergantiñá, que era a terra máis próxima a él; e despois, aquela intuición que tivo de considerar o noso pasado como un pasado vencellado ao mundo celta, algo que hai unhas décadas se dicía que Galicia non tiña nada que ver co mundo celta, que todo fora un invento de Pondal e de Murguía, así coma doutros escritores, pero hoxe en día, pois está plenamente admitido de que Galicia, a cultura da Galicia prehistórica como dis ti, pois formaba parte do mundo celta e demóstrao non só as lendas, senón tamén a propia toponimia, hai un lote de nomes celtas que están aquí no noso territorio.

Acostuma realizar charlas literarias con rapaces?

Pois si, levo moitos anos dando así charlas e normalmente a colexios, as veces tamén a bibliotecas, pero atópome máis a gusto dando as charlas en colexios porque estou nun ambiente no que estou cómodo, por ser profesor, pois gústame visitar colexios.

Que lles intenta ensinar con elas?

Bueno, pois eu normalmente contesto ás preguntas que me fan e o que me interesa fundamentalmente é de que os que me escoitan que aprendan a collerlle cariño á súa propia terra, á súa propia cultura e, ademais, espertar neles a curiosidade por escribir.

Gustaríalle engadir algo máis?

Pois nada, dicir que estou moi contento de estar aquí con vós, neste I.E.S de Vimianzo e nada, que agora voume para o I.E.S. de Ponteceso, onde teño que dar clase á xente máis ou menos da vosa idade.

^(*)Xermán Roxelio Abella Chouciño (Malpica de Bergantiños, 1945). Dende 1982 é profesor de Filosofía no IES de Ponteceso. A maior parte da súa obra narrativa está dirixido a rapaces cos títulos: *Gundar e o cabalo de oito patas* (1991), *A cidade maldita* (1991), *Perdido* incluído en *Aí está o conto* (1993) ou *As aventuras de Pelusa* (1998). Para adultos ten publicado o libro de relatos: *A ermida do díaño* (1998)

